



CONTIDOS

Avaliación	UD	Título	Avaliación	UD	Título
1ª-2ª-3ª	0	Resolución de problemas	2ª	8	Determinantes
1ª	2	Límites de funcións. Continuidade	2ª	9	Sistemas de ecuacións lineais
1ª	3	Derivadas. Técnicas de derivación	2ª	10	Programación lineal
1ª	4	Aplicacións das derivadas	3ª	11	Azar e probabilidade
1ª	5	Representación de funcións	3ª	12	As mostrás estatísticas
1ª	6	A integral definida	3ª	13	Inferencia estatística. Estimación da media
2ª	7	Matrices	3ª	14	Inferencia estatística. Estimación da proporción

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será continua formativa e integradora. Basearase na observación sistemática e pautada do proceso de aprendizaxe a través de preguntas, traballos individuais ou en grupo, probas orais e escritas e entrevistas. Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións seguindo o calendario aprobado polo claustro. En cada avaliación haberá como mínimo, dúas probas escritas ou exames. Na última proba de cada avaliación, poderá preguntarse ao alumnado por toda a materia estudada dende o comezo do curso ata ese momento.

Obtención da cualificación

Probas escritas	80% (30% controis e 50% exame avaliación)
Traballo persoal e/ou proxectos	20%
O alumnado que participe en actividades do Departamento, tales como Campionato de Polinomios, Open Matemático, Canguro Matemático e outras, engadirá ata 1 punto á nota da avaliación correspondente segundo os criterios fixados en cada actividade, tendo en conta que a nota final da avaliación ten que axustarse á lexislación, isto é, debe ser menor o igual que 10.	

Para aprobar a avaliación é necesario acadar a cualificación de **cinco puntos**.

Ao remate da terceira avaliación daráselle ao alumnado a posibilidade de subir a nota cunha proba global de toda a materia.

A cualificación da *avaliación ordinaria* obterase coa media ponderada das cualificacións das tres avaliacións cos seguintes "pesos" (porcentaxes): **1ª avaliación: 25 %**, **2ª avaliación: 35 %**, **3ª avaliación: 40 %**. Debido a que se trata de avaliación continua, no caso de ter superada a terceira avaliación, si a media ponderada non acada o 5, a cualificación final será de 5.

Se un alumno ou alumna non supera a materia na avaliación ordinaria, na avaliación extraordinaria realizará unha proba global da materia que será cualificada de 0 a 10 puntos. Para obter o aprobado é necesario acadar a cualificación de **cinco puntos**.

No caso de detectar que se copia nun exame retirase o exame inmediatamente e darase a oportunidade ao alumno/a de demostrar os seus coñecementos nunha proba que realizará diante de, alomenos, dous membros do departamento. Esta mesma medida **podería** aplicarse cando un alumno/a non asista ao exame de avaliación.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: NON

Lecturas Recomendadas:

La medición del mundo Autor: Daniel Kehlmann ISBN: 9788496231979 Editorial: Maeva Páxinas: 224	El curioso incidente del perro a medianoche Autor: Mark Haddon ISBN: 9788478889105 Editorial: Salamandra Páxinas: 272	El contador de arena Autor: Gillian Bradshaw ISBN: 9788498380323 Editorial: Salamandra Páxinas: 384
---	--	--

Consultar co profesorado. Poden usarse libros da aula de Matemáticas.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Canguro Matemático, Cifras e Letras, Olimpiada de Matemáticas (Bacharelato), Open Matemático.